



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Marzo 2019

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Marzo 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un aumento do 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,8 puntos inferior ao do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,7%, 0,4 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 1,0% e os Outros servizos o 4,9%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,5% e en España un 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de marzo. Galicia é a terceira comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia, xunto con Madrid, son as comunidades con maior incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un aumento do 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,8 puntos inferior ao do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,7%, 0,4 puntos menos que no mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 1,0%, achega 0,9 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 4,9% e achegan 1,0 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 3,9%, case tres puntos máis que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 6,3%, taxa superior á galega en 1,4 puntos.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 2,3% e achega 1,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio ao retalho* reducen a súa facturación, -6,7% e -1,5% respectivamente.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 5,4%, a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 0,4% e o *Comercio ao retalho* do 1,9% .

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 4,9%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte*, que cun incremento do 6,9% achega 0,5 puntos e as *Hostalería* que, cun aumento do 8,2%, achega 0,3 puntos a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, *Información e comunicacións* reduce a súa facturación (-1,5%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,3%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (9,6%) e o *Transporte* (7,4%).

No primeiro trimestre do ano, a cifra de negocios crece un 6,5% en Galicia e un 5,1% no conxunto do Estado.

En Galicia o *Comercio por xunto* amosa o mellor comportamento, cun crecemento do 9,7%, seguido do *Transporte* (8,8%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,2% no mes de marzo. Os sectores con mellor comportamento son: o *Transporte*, que crece un 9,0% e achega 1,2 puntos e a *Hostalería*, cun incremento do 7,3% co que achega 1,5 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 1,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de marzo en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (8,4%) e Extremadura (8,1%). As comunidades con menores crecementos son Illes Balears (0,8%), Canarias (1,5%) e Galicia (1,9%).

Índices de cifra de negocios. Marzo 2019

Taxa de variación en %




No primeiro trimestre do ano, os maiores crecementos rexístranse en Cantabria (8,7%), Murcia (7,4%) e Navarra (7,1%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (2,6%) e Castilla y León (3,3%).

2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,5% respecto ao mes de marzo de 2018, 0,6 puntos máis que en España (1,9%).



O persoal ocupado aumenta un 2,5% tanto no *Comercio* como nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores crecementos danse no *Comercio por xunto* (6,1%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (5,0%).

En España, o persoal ocupado tamén aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (3,3%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (2,8%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de marzo con respecto ao mesmo mes do ano 2018. O maior incremento dáse en Galicia e Madrid (2,5%).

Castilla y León (0,5%), Asturias (0,7%) e Castilla - La Mancha (0,8%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No primeiro trimestre do ano, os maiores crecementos rexístranse en Madrid e Navarra (2,6%) e as taxas máis baixas corresponden a Castilla y León (0,9%) e Castilla - La Mancha e Canarias (1,0%).

Índices de persoal ocupado. Marzo 2019

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	124,1	1,9	6,5
Comercio	127,5	1,0	6,6
Venta e reparación de vehículos de motor	98,2	-6,7	-3,4
Comercio por xunto	141,3	2,3	9,7
Comercio ao retalho	101,7	-1,5	0,1
Outros servizos	113,9	4,9	5,9
Transporte	116,2	6,9	8,8
Hostalería	107,0	8,2	7,3
Información e comunicacións	105,0	-1,5	-0,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	114,0	3,2	7,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	126,4	3,9	0,0
España			
Xeral	121,4	4,7	5,1
Comercio	122,2	3,9	4,2
Venta e reparación de vehículos de motor	135,9	0,4	0,6
Comercio por xunto	128,8	5,4	5,8
Comercio ao retalho	105,0	1,9	2,4
Outros servizos	120,0	6,3	6,7
Transporte	120,3	7,4	7,4
Hostalería	107,6	4,0	4,1
Información e comunicacións	117,3	4,3	3,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	136,3	9,6	9,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	115,4	4,5	7,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	120,8	3,2	6,2
Comercio	124,7	0,2	5,5
Transporte	135,8	9,0	11,6
Hostalería	108,3	7,3	6,9
Información e comunicacións	106,8	-2,0	-0,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	118,9	4,6	7,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	127,2	1,8	1,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Marzo 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	121,4	4,7	5,1
Andalucía	119,9	5,5	6,2
Aragón	118,1	5,3	6,4
Asturias	113,9	5,7	6,5
Balears, Illes	100,1	0,8	4,3
Canarias	119,5	1,5	2,6
Cantabria	124,8	8,4	8,7
Castilla y León	108,9	2,3	3,3
Castilla-La Mancha	123,5	4,8	5,8
Cataluña	116,4	3,1	3,9
Comunitat Valenciana	119,2	3,2	4,9
Extremadura	112,2	8,1	5,6
GALICIA	124,1	1,9	6,5
Madrid	130,7	6,8	5,1
Murcia	120,8	6,8	7,4
Navarra	123,3	6,2	7,1
País Vasco	121,1	4,7	5,1
Rioja, La	125,6	4,2	6,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,3	2,5	2,5
Comercio	107,3	2,5	2,9
Venta e reparación de vehículos de motor	100,6	2,2	2,6
Comercio por xunto	118,9	6,1	7,0
Comercio ao retalho	102,0	0,3	0,5
Outros servizos	107,3	2,5	2,2
Transporte	105,7	3,5	3,6
Hostalería	105,5	2,1	1,8
Información e comunicacións	106,0	2,0	1,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,3	5,0	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,0	0,4	1,0
España			
Xeral	107,2	1,9	2,0
Comercio	105,9	1,5	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	107,3	2,0	2,1
Comercio por xunto	109,5	2,2	2,0
Comercio ao retalho	103,3	1,0	1,1
Outros servizos	108,0	2,1	2,4
Transporte	108,5	2,1	2,5
Hostalería	104,2	0,7	1,2
Información e comunicacións	109,5	3,3	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,6	2,8	2,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	111,8	2,7	2,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Marzo 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	107,2	1,9	2,0
Andalucía	105,7	1,8	2,1
Aragón	108,5	2,3	2,5
Asturias	103,9	0,7	1,2
Balears, Illes	100,1	2,1	2,5
Canarias	109,2	1,2	1,0
Cantabria	107,6	1,2	1,2
Castilla y León	104,1	0,5	0,9
Castilla-La Mancha	105,1	0,8	1,0
Cataluña	108,3	1,9	2,0
Comunitat Valenciana	108,0	1,9	2,1
Extremadura	104,4	2,4	2,5
GALICIA	107,3	2,5	2,5
Madrid	108,0	2,5	2,6
Murcia	111,5	1,1	1,2
Navarra	108,3	2,3	2,6
País Vasco	105,8	2,0	2,1
Rioja, La	107,4	1,7	2,0

Fonte: INE